

Informe sobre implantación dunha construción para albergar guindastres de asistencia en estrada no solo rústico

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 08.05.2024 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (núm.2024/1537128) oficio do alcalde do Concello de Melón no que solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a viabilidade de implantar unha construción para albergar guindastres de asistencia en estrada no solo rústico ao abeiro do artigo 35.1.l) da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Melón non conta cun instrumento de planeamento urbanístico xeral, polo que resulta de aplicación o previsto na disposición transitoria primeira número 4 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG) que establece o seguinte:

"Nos municipios sen planeamento xeral aplicarase o réxime de solo rústico establecido nesta lei, coas seguintes particularidades:

a) Unicamente poderá edificarse nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado por reunir os requisitos establecidos no artigo 17.a) desta lei.

b) As delimitacións de núcleo rural manterán a súa vixencia".

En consecuencia, ao solo rústico de Melón aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG), coas peculiaridades citadas.

TERCEIRA.- A normativa urbanística, nomeadamente o artigo 35.1 da LSG, contén unha enumeración de usos e actividades admisibles no solo rústico, entre as que destacan as *"instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo"*, previstas na súa letra l).

Para os efectos de delimitar este uso, cómpre ter en conta que o artigo 6.1 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, define os elementos funcionais das estradas como *"... as zonas permanentemente afectas á súa conservación, á explotación do servizo público viario ou a outros fins auxiliares ou complementarios"*.



En concreto, o artigo 12.2.a) do Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, considera elementos funcionais das estradas *"Aqueles infraestruturas complementarias constituídas por espazos e instalacións destinadas a ordenar, mellorar ou regularizar o sistema xeral de transportes e comunicacións, tales como centros operativos de conservación e explotación, zonas de estacionamento, paradas de autobuses, áreas de servizo, áreas de descanso, zonas de auxilio e atención médica de urxencia, estacións e centros de control, lugares de inspección e pesaxe de vehículos, estacións de aforo, aparcamentos disuasorios e calquera outros semellantes, tales como parques de maquinaria, viveiros, garaxes, talleres, vivendas para o persoal encargado da conservación e explotación das estradas, áreas de mantemento ou áreas de peaxe"*.

Así pois, as construcións para albergar guindastres de asistencia en estrada unicamente poderían encadrarse no artigo 35.1.l) LSG cando as mesmas constitúan elementos funcionais das estradas, segundo a definición dada pola lexislación sectorial, e ademais, estean previstas na ordenación sectorial de estradas.

Tales requisitos non concorren no suposto que nos ocupa, no que se pretende, como exercicio dunha actividade de carácter privado, a implantación dunha construción para albergar guindastres de asistencia en estrada, sen estar as ditas instalacións vencelladas funcionalmente á estrada e previstas na ordenación sectorial da mesma.

CUARTA.- En todo caso, a actuación pretendida, de acordo co establecido na LSG é obxecto do título habilitante municipal de natureza urbanística correspondente, sendo competencia exclusiva do concello a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 25.2. a) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local* e no artigo 12.1 da LSG.

Corresponde ao concello valorar en cada caso concreto, á vista do proxecto e/ou documentación obrante no expediente municipal, se a actuación prevista e para a que se pretende obter o título habilitante de natureza urbanística que corresponda, pode ter encaixe na regulación contida na normativa urbanística vixente.

CONCLUSIÓN

1. O artigo 35.1.l) da LSG considera un uso admisible no solo rústico as *"instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo"*.
2. Para os efectos de delimitar este uso, haberá que estar ao disposto na normativa sectorial, nomeadamente na *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia* e no Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio.
3. A implantación dunha construción para albergar guindastres de asistencia en estrada, como exercicio dunha actividade de carácter privado, non ten encaixe no artigo 35.1.l) da LSG, por non estar ditas instalacións vencelladas funcionalmente á estrada, segundo a definición dada pola lexislación sectorial, e previstas na ordenación sectorial da mesma.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

